



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña
Teléfono 981183969 – FAX 981183679
Email coruna@cigtelefonica.com
www.cigtelefonica.com

Externalización en O+M, reestructuración en I+M

Na defensa das nosas condicións laborais, os traballadores e traballadoras, debemos ser capaces de analizar e reflexionar sobre a nosa realidade no seu conxunto, non debemos limitar a nosa ollada a unha soa cuestión pois probablemente perderíamos de vista os verdadeiros obxectivos que persegue a empresa. Cómpre analizar se os movementos que dá a empresa teñen, ou non, relación entre si. Lembremos:

O+M: desmantelamento do departamento co traspase de persoal ao CNAI e coa case total externalización da actividade de mantemento, mobilizacións por parte dos compañeiros afectados e posicionamento de CCOO e UGT a par da empresa, utilización do Comité controlado por estes sindicatos para facilitarlle á empresa o logro dos seus obxectivos.

É necesario entender que a batalla de O+M é moito máis que a loita asumida polo propio departamento, as cuestións que están en xogo afectan a toda a empresa, os plans deseñados pola dirección de Telefónica inciden en establecer un modelo empresarial totalmente contrario aos intereses dos traballadores e traballadoras. Liquidando boa parte das actividades que estamos a facer para darllas a contratadas con condicións laborais moito peores que as nosas.

A escusa da empresa en que recuperamos actividade de provisión e creación de planta debe ser analizada polo miúdo, e tratar de anticiparnos ao que realmente pretenden, non é entendible que sexa máis rendible ter un OTPI tirando pontes no RP que sacando avarías. Convén que instalemos estas dúbidas nas nosas reflexións para entender os pasos que a empresa pretenderá acometer no futuro.

I+M: traspase de case a totalidade do persoal dende a área de Empresas á área de Operacións Locais (onde está integrado o departamento de O+M). O persoal que queda en Empresas estará dedicado a facer seguimento e xestión coas contratadas, só queda persoal operativo na coordinación de Ibercom, pasando a maior parte do persoal á área de Operacións Locais.

Está a liquidarse o modelo tradicional onde provedores e contratadas instalaban e persoal propio levaba o mantemento. En I+M a externalización está moito máis avanzada, nos últimos anos deuse un paso fundamental co contrato integral para as contratadas, pasando de cobrar por actuación a cobrar unha determinada cantidade por manter toda unha área xeográfica. Así que neste momento todo o servizo posventa é realizado pola contratada que recolle todas as avarías da zona na que traballa.

Prescindir do persoal operativo é camiñar cara un modelo de empresa na que todas estas actividades estarán externalizadas, un camiño que nos levará cara unha empresa a cada paso con menos persoal e menos dependencia do traballo do cadro de persoal.

Loita coa CIG na defensa dos teus dereitos !!!

A Coruña, 27 de outubro de 2009